

Presentación do número

A Comisión Española de Educación e Comunicación da UICN, en colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), realizou dos días 19 ao 21 de setembro na sede do CEIDA (Oleiros, A Coruña) un seminario sobre os instrumentos sociais (comunicación, educación, participación e sensibilización) na conservación de especies, en concreto de fauna, co obxectivo de reflexionar, á luz das experiencias dos distintos participantes, sobre os problemas sociais da xestión e as achegas que se realizan desde os instrumentos sociais.

A Unión Mundial para a Conservación da Natureza (UICN) é o maior organismo internacional dedicado ao ambiente e a sostibilidade, funciona como coordinador entre gobernos, axencias gobernamentais e ONG, e liderou desde 1948 a aprendizaxe e o cambio social a través dos diálogos de concertación nos diferentes ámbitos. Seguindo esta liña, a Comisión e mais o CEIDA convidaron diversos actores involucrados na xestión de especies e na educación ambiental para escoitaren as súas experiencias e reflexionar sobre os xeitos de integrar os instrumentos sociais na xestión cotiá.

A revista ambientalMENTEsustentable nace co obxectivo de divulgar experiencias e propostas no ámbito da educación ambiental, que sirvan de reflexión, de exemplo ou de proposta de accións. A preocupación e os programas de conservación de especies animais teñen xa unha longa traxectoria, na que foron evoluíndo os criterios, as metodoloxías e tamén os actores; tamén hai cambios importantes respecto ao papel da educación ambiental na xestión de especies silvestres. A calidade e variedade das intervencións realizadas durante o seminario de setembro, foi o motivo para convidar ás persoas participantes a escribir as súas comunicacións para confeccionar este volume.

Neste número da revista, de carácter monográfico, presentamos estudos de caso e accións para mellorar a través dos distintos instrumentos sociais a conservación das especies. Recolleemos tamén diferentes experiencias da mesma temática que chegaron ás nosas mans, mentres preparabamos o seminario e esta publicación, para que arriqueza nos nosos coñecementos. A todos os autores, moitas grazas.

Consello de Dirección
Comisión da de Educación y Comunicación da UICN-España



“A gatas por Galicia”

© Fran Nieto